



Asemblea Veciñal na Portela para falar da A-57

O BNG demanda a gratuidade do treito Curro-Pontevedra da AP9

Unanimidade no Concello contra a proposta de Fomento para o trazado da A-57

A proposta de trazado que fai o ministerio de Fomento para o último treito da autovía A-57, dende Pilateiros a Curro, ten un forte impacto no noso concello:

- **Pasa polo medio das casas** a carón da igrexa de Curro, partindo a parroquia en dúas.
- Anula un treito da PO-531, co que **todo o tráfico desta estrada volverá a pasar polo medio de Outeda**
- Coa realización das excavacións para executar obra **desaparecerán moitos pozos de auga**.

Tamén **resulta moi agresiva a proposta de facer una rotonda e abrir una nova estrada na zona de Currás** para unir a PO-531 coa autovía.

Por esas razóns o BNG sumouse ás alegacións e o **pleno municipal rexeitou de xeito unánime a proposta de Fomento**, apostando pola alternativa que dende o cruce coa AP-9 vai en paralelo á mesma para conectar co macronudo na zona da peaxe da autoestrada.

Ademais pídese tamén que se constrúa unha **rotonda na N-550 no Lombo da Maceira**, unha obra que está prevista dende hai moitos anos, e que lle daría solución a todos os viais que van quedar encima da autovía, permitindo facer o cambio de sentido que agora non está permitido.

Outra das demandas é a **supresión da peaxe entre Curro e Pontevedra**, que solucionaría moitos dos problemas agora existentes, e que, a pesar de ser una promesa do PP antes de chegar ao goberno, nin sequer iniciaron o proceso para anulala.

Unha nova etapa de ilusión, participación e dinamismo para Barro

Na primavera do 2015 abriuse en Barro unha nova etapa; unha oportunidade de ouro para rachar co modelo antigo, desfasado e ineficaz que o Partido Popular practicou en Barro tantos anos.

Desde ese momento traballamos arreo para construír un concello do que todos e todas nos poidamos sentir orgullosos; levando a cabo un proxecto ancorado na transparencia e na participación veciñal, xa que estes, para nós, son os eixos fundamentais arredor dos que, incuestionablemente, debe xirar a política municipal.

Escoitar os veciños e veciños e solucionar os problemas do día a día, así como traballar para repartir os poucos recursos que ten o concello da maneira máis equitativa, coherente e democraticamente posible é a máxima deste goberno.

Porque para poder facer é necesario saber escoitar, porque ninguén sabe mellor que a veciñanza cales son os problemas e as necesidades do concello. Por iso, as reunións cos colectivos e entidades municipais, as asembleas por parroquias e mesmo asembleas por lugares seguirán sendo unha constante deste goberno.

Cremos firmemente que nun concello destas características debe existir un directo e continuo intercambio de ideas e propostas entre o goberno e a veciñanza e para iso traballamos e seguiremos traballando arreo.

A hora do traballo colectivo. Sexamos actores protagonistas

No momento no que se abre unha oportunidade para devolverlle a nosa institución mais próxima aos veciños/as toca coller o papel protagonista e ser partícipe das políticas que muden o noso entorno e sirvan para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas.

No momento no que a sociedade vive un proceso de cambio e ansía participación na vida pública e non ser un mero espectador o BNG de Barro mantén e manterá sempre as súas portas abertas, para escoitar, debater e actuar polo ben da veciñanza de Barro a todo aquel/a que queira traballar nesta dirección.

Nunca entendemos que a relación da sociedade coa política se limitara a ser consultados cada catro anos, entendemos que a relación ten que ser permanente e constante por iso o noso nivel de actividade política irá en aumento co fin de

que calquera que o desexe atope múltiples oportunidades para formar parte activa dun colectivo coherente e activo como é o BNG de Barro. Por iso agora tamén dende a responsabilidade de goberno seguiremos nesta liña de permanente contacto e portas abertas que rachen co pasado de falta de diálogo e de exclusións.

Tócanos traballar por este concello con determinación, con orgullo e coa razón de saber que unicamente procuramos o ben común, sabemos que son moitos os que coma nós non queren ser un mero espectador e queren coas súas mans traballar por mellorar o noso concello e a nosa sociedade, pois aquí hai outras moitas mans dispostas a axudar nese traballo con humildade para acadar eses obxectivos comúns. Este é pois un traballo colectivo no que todos/as somos necesarios/as e todos temos moito que aportar para mellorar Barro.

Asemblea Aberta

Sábado 19 de marzo
20:30 h.

Local do BNG
(Estación da Portela 20)



Como contactar co BNG Barro
Teléfono: 620.262.802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional
Sede Nacional. Avda. Rodríguez de Viguri 16, baixo
15703 Santiago de Compostela. 981555850
www.bng.gal
nacional@bng.gal



que será o novo Barro: ción e total transparencia"

Para este ano marcámonos dous obxectivos: por unha banda dedicar os 100.000€ a zonas do concello onde xa pode entrar en servizo por ter acceso a unha depuradora e por outra banda elaborar un estudo sobre as zonas do concello nas que están soterradas tubarías, que neste momento non existe, e sobre as futuras localizacións das depuradoras, para así podermos ter unha planificación que nos permita unha actuación eficaz e coherente.

Que vai pasar co edificio do antigo concello?

O primeiro obxectivo que nos marcamos, xa que non hai orzamento para novas construcións, é paliar todo o posible esas carencias cos edificios xa existentes e un dos exemplos máis claros é este, pois a inversión que temos aprobada vai nos permitir convertelo nun centro cívico, do que Barro carece a día de hoxe. Desa maneira conservamos o edificio como se merece e poñémolo ao servizo dos veciños e veciñas de Barro para o seu uso e disfrute.

Ademais deste, de que novos equipamentos se vai poder disfrutar este ano en Barro?

Como dicía antes, o primeiro que queremos é pór en uso e arranxar os equipamentos existentes, entre eles os parques infantís. Iremos arranxar os que hai en Agudelo e Valiñas, mellorar o do Santo Antoniño, construír un novo no lugar de Cangrallo e arranxar o de Barosa.

Tamén iremos construír unha pista polideportiva ao aire libre no Santo



Antoniño, pois é necesario un equipamento destas características no lugar con máis densidade de poboación do concello.

No ámbito da participación veciñal que ides facer a curto prazo?

A experiencia destes primeiros meses en canto á relación coa veciñanza e coas entidades do concello considéroa moi positiva. Tanto as asembleas parroquiais como as reunións cos

distintos colectivos sociais servíronos para escoitar moitas propostas e ao mesmo tempo transmitirle como ía ser o funcionamento do goberno municipal e os nosos obxectivos.

Esa primeira fase vai ter continuidade nos vindeiros meses coa creación dos Consellos Parroquiais, co obxectivo de que estes nos sirvan para termos unha relación aínda máis directa cos representantes que elixan as veciñas e veciños de cada parroquia.

"Estamos poñendo as bases do con máis servizos, máis participa

Cales son as túas sensacións sobre estes primeiros meses de goberno?

Moi positivas, a pesar de atoparnos co orzamento do 2015 xa esgotado. O máis positivo foi a relación coas veciños e veciños e co persoal municipal, ao cal teño que agradecerlle o seu traballo e a colaboración que me prestaron para pórme ao día de como estaban as cousas do concello e para ir solucionando os distintos temas que ían xurdindo.

O primeiro que decidimos, xa que non contabamos con cartos, foi atender as cuestións básicas de mantemento: limpeza das vías municipais e pequenas reparacións.

O que si nos puxemos como meta foi a reparación de todos os locais muni-

cipais para uso e disfrute da veciñanza. Dous exemplos disto son a nave da antiga Escola Taller, a cal xa se usa de forma habitual e que dotamos de baños, ou o Pavillón Municipal, que despois de moito tempo xa volve contar con auga quente para que os usuarios se poidan duchar despois de facer deporte.

Como valoras o funcionamento do goberno municipal?

Eu estou plenamente satisfeito porque dende o primeiro momento tanto BNG como PSOE tivemos claro que era necesario un goberno transversal onde os seis membros traballamos de forma coordinada e cuns obxectivos comúns. Teño que agradecer a total implicación dos concelleiros do PSOE no goberno. Na toma de decisións a comunicación é permanente,

o que nos permite ser moito máis eficaces.

Que obxectivos vos marcastes para 2016?

Dentro das limitacións económicas existentes -xa que parte dos ingresos dos que imos contar temos que dedicalos a amortizar a débeda de 1.200.000€ que ten o concello- imos intentar mellorar todo o posible os servizos públicos, ampliar a rede de saneamento, mellorar as vías municipais e tratar de seguir dinamizando todo o posible o ámbito sociocultural.

Como se encadra iso nos orzamentos do 2016?

Esprememos o máximo posíbel os novos investimentos, pero non esquecemos reservar parte dos mesmos para fomentar ese dinamismo social que buscamos e tamén para a promoción económica. É por iso que por primeira vez creamos unha partida económica para Promoción Económica e Turismo.

En canto aos investimentos imos dedicar 100.000€ a ampliar a rede de saneamento, 138.000€ á mellora de vías municipais, 50.000€ a parques públicos, 25.000€ a novas instalacións deportivas e imos tamén investir 30.000€ no edificio do antigo concello e outros 30.000€ para o Pazo da Crega, pois hai que dotalo dunha instalación eléctrica adecuada e unhas ventás definitivas, entre outras melloras.

Unha carencia histórica en Barro é o saneamento. Que ides facer a curto prazo?

